

O proceso de normalización lingüística de tres cidades galegas: Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. III

MARTA SOUTO

III. PROMOCIÓN DA LINGUA DENDE UNHA ADMINISTRACIÓN LOCAL: FERROL, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO

Para rematar este relatorio sobre o papel das administracións locais na normalización, a miña intervención versará sobre o labor de PROMOCIÓN, sobre a realización de accións de intervención social para a normalización da lingua.

Quero salientar que os concellos, a Administración local, non é a única que ha de realizar este labor. A lingua é patrimonio de todos e cada un de nós, da cidadanía. De aí que todas as forzas sociais, institucións existentes, deberían estar chamadas a traballar no proceso de normalización. (Vémolo noutros contextos, p. ex. en Cataluña ou Euskadi, unha asociación de empresarios, clubs deportivos... realizan, decote, accións dinamizadoras do uso da lingua).

No noso contexto, os concellos, cando menos algúns concellos, asumen un papel de coordinación, de impulso; actúan como nexos de referente de acción.

Se botamos unha ollada atrás e tentamos recordar algunha das campañas de dinamización da Xunta ou dalgúns concellos decatámonos de que incidían no campo afectivo, na compoñente ideolóxica, na riqueza de termos unha lingua propia.

Estas actuacións parece que non callaron na poboación, pois aí temos uns datos de uso da lingua galega ben alarmantes: a quebra interxeracional, o escaso uso por parte da mocidade (malia ter aumentado as súas competencias), os prexuízos lingüísticos que aínda están presentes hoxe en día. É dicir, pretender tocar a vea sensíbel semella non ser bo punto de partida. Outro tipo de actuacións, como as dirixidas dende o goberno da Xunta ás administracións locais («No teu concello, na nosa lingua») para os animar a cumprir a lei –tiña e ten a obriga de usar o galego– non teñen razón de ser. Daquela, cómpre outro xeito de intervención, outra maneira de formular accións de intervención será a que

debuxarei nesta intervención, unha intervención que divido en dúas partes. Unha primeira que chamo CONTEXTOS CONDICIONANTES, é dicir, contextos que nos levan a actuar nun momento dado e cun perfil de acción determinado. Tentarei, nunha segunda parte, ILUSTRAR CON EXEMPLOS.

Ese, chamémoslle, contexto de partida, artélloo en dous campos, uns «contras» ou condicionantes negativos que limitan as accións e as nosas posibilidades e uns «pros», unhas oportunidades ás que as máis das veces nos agarramos ao traballar neste eido. No campo dos «contras», dos condicionantes que limitan a actuación, sinalo:

- A) Uns internos, propios do concello, máis individuais, se ben son compartidos en maior ou menor medida.
- ORZAMENTOS: en xeral escasos.
 - MEDIOS HUMANOS: en xeral mínimos.
 - RECURSOS.
 - SENSIBILIDADE DO GOBERNO: se a hai, actúase, e non se fan simplemente actividades, senón que se traballa planificando as actuacións (neste caso, sería unha condición positiva).
 - CONTINUIDADE OU ESTABILIDADE DO PROPIO GOBERNO: por desgraza, na maior parte dos concellos, de 4 en 4 anos cambiamos de xente (é como esa canción do Celta: «para temporada que vén, temos que cambiar de xente...»). CÁMBIASE, e o normal é que o goberno dese momento, con/sen sensibilidade, non siga proxectos encetados por gobernos anteriores.
 - ESPAZO reducido: termo municipal.

Por outra banda, dentro deste contexto inicial temos outros externos comúns ao conxunto da sociedade.

Situación lingüística, uso reducido, contextos castelanizados...

Escasa mobilización da xente.

Segue presente a ocultación da lingua, e por outra banda, semella que nos identificamos coa situación actual; diremos que é a nosa unha situación harmónica, de paz lingüística e equilibrio entre as dúas linguas oficiais cando a realidade non é harmónica, nin equilibrada, por non dicir xa bilingüe.

Non me esquecín dos «pros», das vantaxes para actuarmos na sensibilización social cara á normalización.

- 1) A sensibilización do goberno local, o seu proxecto crido e asumido é o punto de partida.
- 2) A demanda social, se ben cativa pero existente.
Ás máis das veces espaxada, difuminada, que cómpre xuntar, canalizar e contar con ela á hora de iniciar un proxecto, como imos ver.

3) A propia obriga que como administración temos, e que acabamos de ver.

Cómpre pór un punto de encontro dos diferentes sectores sociais, administracións, institucións. Un lugar en que as demandas, as accións se coñezan, se traballen. Onde se repartan papeis e responsabilidades.

Comisións cidadáns de lingua / Consellos municipais de lingua / Plataformas de encontro e debate.

Debuxado este punto de partida, e situados nun concello en que se dan os condicionantes para poder levar adiante accións de sensibilización, de incentivación da lingua, o paso a seguir é tentar responder a «e agora que?», «como intervimos?».

Adoitouse traballar dende a administración, deseñando proxectos dirixidos ao conxunto da sociedade, onde os destinatarios eran meros receptores de proxectos sen contar coa súa opinión, sen telos presentes ao deseñar a actuación, procurar obxectivos...

Traballábase no despacho, sen ter en conta, por exemplo, que outras institucións estaban a traballar, que proxectos se realizaban... é dicir, ignorando o que podía haber feito ou o que se estaba a facer.

A comunicación, o intercambio faltaba.

A cultura, o ensino, a propia administración eran os destinos de actuacións, pero onde ficaba, por exemplo, o ocio xuvenil, as novas tecnoloxías...

Este xeito deu os froitos que coñecemos, daquela cómpre outro xeito de actuarmos. Non quero dicir que esteamos, as persoas que traballamos doutro xeito, na verdade absoluta pero, cando menos, tentamos abrir novos camiños, á vez e experimentados noutras sociedades con semellante situación cá nosa.

CALES SON ESES PRINCIPIOS

1 *DESTINATARIO: AXENTE-RECEPTOR*. Á hora de deseñar un proxecto normalizador temos que contar co destinatario deste. Cómpre diálogo, a súa intervención, á hora de deseñar materiais, perfilar accións, medir as actuacións, establecer obxectivos... Ten que ser un RECEPTOR-AXENTE, así lograremos a súa implicación, o seu compromiso, a súa identificación co proxecto. Por exemplo, se realizamos unha actuación no sector da publicidade, non ter presentes os axentes publicitarios, os consumidores e os comerciantes é traballar en balde.

Un destinatario que ha de procurar tirar un beneficio da acción e da súa implicación:

- aprendizaxe, achegamento a internet
- modernización da súa imaxe corporativa

2 *TRANSVERSALIDADE DO PROCESO NORMALIZADOR*

Que se ha de percibir tanto no propio seo da Administración como á hora de proxectar a acción.

Así, deberá ser un proxecto en que se impliquen diferentes departamentos, dende Urbanismo a Sanidade pasando por Xuventude, Educación...

3 *PRESTIXIO DA LINGUA*

Temos que realizar proxectos que asocien o uso da lingua a procesos de mellora, de modernidade, de prestixio.

4. *TRABALLO EN REDE*: sumar esforzos

De entidades privadas e públicas. Un exemplo podemos poñelo no xeito de traballar dende distintos concellos cun mesmo proxecto: rendibilizamos a actuación ao ampliarmos o destinatario, diminuímos custos, dámoslle maior credibilidade ao proxecto ao sermos distintas corporacións as que o realizan.

5. *PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN, CONTINUIDADE DOS PROXECTOS*

Non podemos realizar accións por impulsos, por arrebatos senón planificando o proceso. E sobre todo, tendo como prioritaria a continuidade dos proxectos, que tamén garanten credibilidade.

6. *ESPAZO COMO ELEMENTO EDUCATIVO*.

Como axente, e non simplemente como lugar onde se realiza. Por exemplo, realizamos en Vigo os «Obradoiros da auga doce e salgada», e procuramos un lugar que permitise aprender del e con el.

7. *ORIENTACIÓN DAS ACCIÓNS CARA Á CIDADANÍA*.

E non cara ás administración.

EXEMPLOS DE ACTUACIÓNS

Ademais dos proxectos de sensibilización, de dinamización, cómpre salientar outras medidas normalizadoras, como convenios, subvencións, premios –por exemplo a actuacións publicitarias–... Pero creo que o que mellor ilustra o labor dun SNL do dito ata agora son os proxectos de dinamización do uso. Como exemplo do ata aquí exposto vou ilustrar con actividades dos concellos, se ben anticipo que varro un pouco para a casa, como poderedes observar. Dentro destas actividades, detereime máis en Obradoiros de sociolingüística Máis Alá e Ciberlingua, por seren proxectos compartidos non só polos concellos que estamos nesta mesa senón por outras administración locais, organizacións, e entidades.

No sector da hostalaría, no socioeconómico.

Restaurantes de Compostela, restaurantes en galego, en que o deseño das actuacións foi o resultado de xuntanzas con representantes do empresariado, dos traballadores, das asociacións e das escolas de hostalaría. A campaña ofrecía unha imaxe de marca, coa

publicidade correspondente en varios soportes, aos establecementos que se comprometían a galeguizar as cartas e outros elementos; asociaba a lingua a un proceso de mellora (presentación de cartas, identidade común, incorporación de máis linguas) que fose rendíbel para o sector, de tal xeito que a continuidade e a explotación da marca dependesen do seu interese.

En galego, de película

Dende hai 11 anos a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística presenta no Concello proxectos de dinamización dirixidos á mocidade.

Dentro destes proxectos destaca a demanda en galego de películas, de xeito que mesmo estamos a pensar en «pedirlle a idea» en Vigo, para realizar co Cine Club Lumiere unha semana de cine galego e en galego.

VIGO

a) Traballos no que chamamos a normalización do CORPUS

Léxico castelán-galego de arquitectura, construción e urbanismo. Froito dun convenio asinado no ano 1995, entre o concello e os distintos sectores da construción: colexios profesionais de arquitectura, arquitectos técnicos, delineantes, avogados, asociacións de construción e de promotores.

A dinámica de elaboración deu nun grupo de traballo interdisciplinar: colexio de arquitectos, aparelladores e delineantes, servizos de normalización de Compostela, Moaña e Vigo, achegas de voluntarios que mesmo asistían ás reunións...

Editouse no ano 1998, e no 2000 reeditouse.

Tamén traballamos no deseño de documentos, formularios con que a administración ha traballar decote. Tras pasar por cursos de linguaxe administrativa, os servizos de Vigo e Moaña e as policíaas deste concellos traballabamos na escolma de modelos de documentos con que traballaban no día a día os compañeiros da Policía. Observabamos que non había criterio nelas, que para cada caso había varios modelos, algúns en castelán. Recompilamos o material, ordenámolo en distintos procedementos (administrativos, penal, atestados de alcoholemia...) e fixemos uns novos modelos, simplificados, sinxelos, apetecíbeis visualmente, ordenados para o traballo... Poderíamos telos feito as dúas persoas que traballamos nos SSNNLL. Non, sen a intervención dos compañeiros da Policía e mesmo de avogados e procuradores non se tería feito. Reunimos un equipo e dúas situacións; un concello pequeno en que a Policía Local traballaba en galego, un concello grande en que a Policía Local traballaba xeralmente en castelán. Logo, a Academia de Policía, a Dirección Xeral de Xustiza elaborou este formulario global para todas as policíaas locais galegas.

b) STATUS

Un exemplo de compromiso de destinatarios, de transversalidade é **Mercamos e vendemos en galego**

Conscientes desta realidade, os comerciantes falan, comunícanse entre si en galego, ás veces cos clientes, pero a publicidade, a documentación, a relación coa administración é en castelán.

Faise un chamamento ás distintas asociacións de mercados e ás xerencias para expoñer un proxecto que pretendese que a lingua deixase de estar oculta e que, sobre todo, acadase espazos formais, publicidade, relación coa administración.

Tras distintas reunións de traballo, intercambios de ideas e saber as nosas limitacións e oportunidades fomos implicando a estas asociacións e chegamos a unha campaña que, cando menos, foi desenvolvéndose durante todo un mandato.

Cal era a súa achega:

Soportes:

- Trípticos: verduras, froitas, peixes, carnes, pan, lácteos e outros.
- Información (a maiores de fixar léxico en galego):
 - Saúde e hixiene: normas que deben gardar á hora de vender...
 - Consumo: medidas de peixes por exemplo.
 - Como conxelar e desconxelar produtos.
 - SNL.

Por parte do Concello colaboraron: Comercio, OMIC (dereitos dos consumidores) e Sanidade. Tamén Educación xa que incluimos as visitas aos mercados. Nestas visitas, entre outras cuestións, avaliábanse por exemplo se os comerciantes gardaban ou non as medidas hixiénicas.

Ao mesmo tempo, ao coincidir co cambio da peseta ao euro, traballouse neste sentido.

Fixéronse trípticos que foron entregados polos propios comerciantes aos clientes periodicamente.

Que tiraban de vantaxe?

- 1) modernización da imaxe dos mercados, da súa comunicación (un exemplo foi a páxina web dos mercados);
- 2) achegamento á cidadanía;
- 3) publicidade.

Que máis ofrecía esta campaña

Unha tarxeta, que continuaba aquela campaña da MESA «Que non lle esqueza», que dende os postos dos mercados se lles entregaba aos clientes.

Lista da compra: axuda para a clientela: fixación do léxico.

Aínda gardamos outra actuación máis:

No tríptico había tamén unha invitación á clientela. Esa invitación era para que achegasen unha receita que logo se publicaría nun libro con todas as recibidas. Os propios comerciantes recollían as receitas e participaban. Fíxose o libro...

Esta campaña, ao longo do tempo, tivo outras actuacións;

Levamos aos mercados a campaña: Xogas?

Noutro momento, contando cos centros de ensino e cos comerciantes, realizáronse concursos de debuxo, banda deseñada, relato curto...

Nunha terceira etapa, os comedores escolares dos centros foron destinatarios, xunto cos propios postos, de carteis cos nomes das verduras, froitas...

Aí paramos, porque mudou o goberno.

XOGAS? EN GALEGO PODEMOS

Nace dunha dobre demanda:

- a) Pais e nais polo ensino en galego na comisión cidadá e no pleno demandan espazos de lecer en galego para os cativos, escolas infantís en galego.

Créanse escolas municipais coa lingua vehicular oficial e xorde «Xogas? en galego podemos».

- Aprender xogando, xogar e aprender.
- Obradoiros de lectura, pintura e escrita creativa.
- Montañeiros celtas (acadamos a súa galeguización, mesmo montañeiros).
- Xogos tradicionais.

- b) Profesores de Educación Física e monitores das escolas deportivas municipais demandan material para impartir aulas de EF en galego e actividades das escolas deportivas municipais.

Elaborouse unha unidade didáctica: «O xogo do paracaídas»:

Profesor de EF + alumnado = vídeo

Catro unidades sobre deportes cos equipos da cidade e federacións deportivas.

Concello e Universidade: mozos/as 8 anos, deportes de aventura.

Por último, presentamos dous proxectos compartidos por varios concellos:

OBRADOIROS MÁIS ALÁ! de lingua e sociedade, do colectivo Tagen Ata, integrado por filólogos e dinamizadores socioculturais.

Nace esta experiencia en Compostela e esténdese polo país. Os obradoiros de I e II nivel constan de 8 sesións de 2 horas en que, en bloques temáticos, se vai guiando un proceso de concienciación individual e colectiva a prol do galego e do traballo normalizador que cada un podemos realizar, como grupo e como individualidade. Está dirixida a mozas e mozos de secundaria.

Contactamos cos centros ben a través de visitas, ben a través de información os equipos de normalización dos centros mediante unhas reunións. Ao remate destas sesións realízase unha convivencia dunha fin de semana á que acoden mozas e mozos de distintas cidades. Non é unha excursión de fin de curso, pois tamén se traballa nela a concienciación lingüística.

CIBERLINGUA

A campaña realizada aquí en Ferrol «En liña co galego», dirixida á mocidade e dentro do ámbito das novas tecnoloxías, foi o xermolo do proxecto Ciberlingua. De partida eramos 5 concellos (un eixe de Norte a Sur), CIG-ensino, AS-PG e Galego21 (2001-2002). Era a 1ª vez que os gobernos das cinco cidades asinaban un convenio de colaboración, e esta colaboración ía dirixida á dinamización lingüística.

O programa ten como obxectivo introducir no uso da rede a comunidade educativa, e facelo en galego dende o galego.

Ten tres destinatarios, profesorado, pais/nais e alumnado, e actuacións diferentes, sempre vendo internet como ferramenta de comunicación e aprendizaxe, e achegando información e recursos en galego e sobre o país.

Procuramos novos ámbitos para a lingua e «engancha a mocidade». Viamos nas novas tecnoloxías un campo axeitado, que ademais nos ofrecía a engádegas do prestixio, da modernidade.

Navegádomos é o primeiro manual de uso da rede en galego.

Non se procuraba a conversión dos destinatarios senón abrir novos ámbitos de uso para a lingua que poden contribuír a mellorar actividades xerais.

No curso 2002-2003 engadíronse máis actuacións. No pasado ano 2003-2004 sumáronse máis concellos de vilas e de cidades, continuaron as asociacións e sumouse unha entidade financeira.

SUMA DE ESFORZOS

TRANSVERSALIDADE

PRESTIXIO

NOVOS ÁMBITOS DE USO

ORIENTACIÓN CARA Á CIDADANÍA

están presentes neste proxecto.